



## Concello de Baralla

# BANDO

**D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-**

FAI SABER:

Con data 3 de xaneiro de 2022 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 1, a resolución do Instituto Galego de Promoción Económica pola que se establecen as bases e a convocatoria das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais.

### PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

- ✓ Titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifique as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.
- ✓ Autónomos e as microempresas e pequenas empresas de nova creación.

### ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- ✓ Obradoiros e fábricas destinados á produción de bens e materiais
- ✓ Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios
- ✓ Prestación de servizos a empresas en calquera sector económico (agricultura, silvicultura, sector industrial e de servizos...)
- ✓ Prestación de servizos sociais (garderías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas escola...)
- ✓ Actividades de lecer, recreativas e deportivas
- ✓ Artesanía e actividades artesanais
- ✓ Actividades baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), innovación tecnolóxica e comercio electrónico
- ✓ Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, contabilidade, veterinaria
- ✓ Comercio polo miúdo non incluídos no anexo I do TFUE.
- ✓ No sector da hostalería, exclusivamente a creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais singulares (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros)

### CONTÍA DA AXUDA

- ✓ Contía básica: 20.000 €
- ✓ Máximo 45.000 € (nos supostos recollidos nas bases reguladoras)

### PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 04-01-2022 ao 08-03-2022

### INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 7 de xaneiro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 4N4M5OQL56W4G2L4LD3W3WCRN | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1